

BARRIO DE FONTIÑAS
9 DE DECEMBRO 2014

O CSC de Fontiñas acolleu onte pola tarde un precioso acto para presentar os documentais **Fraguando a Diversidade 2** e **Barrios Abertos**. As diferentes entidades do barrio estivemos alí. Os documentais veñen a reforzar dúas das liñas básicas de intervención do barrio: convivencia e diversidade. Unha boa ocasión nesta data, para celebrar a conmemoración da declaración universal dos Dereitos Humanos. Gracias a AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidários, a ACPP (Asamblea de Cooperación pÓla Paz) e o alumnado do Taller de TV do IES Antonio Fraguas polo bo traballo feito.





A reportaxe Fraguando a diversidade fai un percorrido por diferentes situacións que conforman unha idea ampla de diversidade, tendo sempre en conta a perspectiva da inclusión: Autismo, II Encontro de Mediación, O sur, Inserción laboral da comunidade xitana, Mercadillo Solidario Trócame Roque, Recitado plurilingüe de Rosalía.





O proxecto visual de Barrios Abertos aborda a presenza de poboación inmigrante dende a perspectiva da interculturalidade e cun enfoque fresco e xuvenil propio da mocidade dos seus reporteiros. Ademais de varias curtas presentouse un documental máis extenso titulado **Como imanes**.